

**ACTA Nº 3 DA MESA CONSTITUIDA PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE PRESTACION DE SERVICIOS DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL**  
**EXPDTE\_CONTRA:2024/C004/000007**

**LUGAR:** Salon de Plenos do Concello de Oroso  
**DATA:** 11/04/2024  
**HORA COMEZO:** 09:53 horas

**ASISTENTES:**

Alexander Doval Expósito, (alcalde), presidente  
Federico Suárez Cancelo (secretario do concello), vogal  
Carlos Temprano Temprano (interventor municipal), vogal suplente  
Ana María Liñares Castro (Técnica del departamento de contratación), vogal  
Manuel Cruz Ferro (Técnico de deportes do concello), vogal  
Ana María Alonso del Río (Administrativa del departamento de contratación), secretaria.

**ASISTENTES TÉCNICOS:**

Asiste, don Juan Pablo Guerrero García, representante da empresa INTO CONSULTING, S.L. e enxeiro técnico industrial, como emisor e asinante do informe de valoración dos criterios de xuízo de valor, aos efectos de explicar a puntuación otorgada no informe emitido ao efecto.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Valoración sobre electrónico "B" substituído "Criterios evaluables mediante xuízos de valor".
3. Convocatoria apertura sobre electrónico "C" substituído "Criterios evaluables mediante fórmulas"

**1.-APROBACION DA ACTA Nº 2 DA MESA CONSTITUIDA PARA A CONTRATACIÓN DE DE SERVICIOS DE PRESTACION DE SERVICIOS DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.**

Na Sala de Xuntas do Concello de Oroso, sendo as 09:53 horas do día 11.04.2024 reúnen as persoas referidas no apartado asistentes e, tras a súa lectura, aprobouse por unanimidade a acta da sesión anterior, correspondente ao día 02.04.2024.

**2.-VALORACIÓN SOBRE ELECTRÓNICO "B" SUBSTITUADO "CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR "**

A secretaria da Mesa de contratación informa que con data 10/04/2024( RE 202499900000783), don Pablo Guerrero García representante da empresa INTO CONSULTIN, S.L. presentou informe de valoración dos criterios evaluables mediante xuízos de valor do contrato en cuestión, o cal foi achegado ao expediente e se adxunta a esta acta, concluíndo a seguinte puntuación:

EMPRESA	ORGANIZACIÓN XERAL DO SERVIZO(30 PUNTOS)	PLAN DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS (10 PUNTOS)	TOTAL
VIRAXES, S.L.	24	7,5	31,5

A continuación don Pablo Guerrero García procede a explicar o reparto de puntos proposto no informe de valoración ,xustificando a súa correspondencia co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e co

prego de prescricións técnicas que rexe o contrato e concluíndo en primeiro lugar que comprobada a revisión da forma da oferta cumpre co establecido no prego e que non se incluíu na memoria técnica ningún aspecto da súa oferta que sexa valorada mediante fórmulas na fase seguinte „A continuación explica que a oferta presentada por VIRAXES, S.L. con respecto ao primeiro criterio abarca todos os aspectos requiridos, presentando unha interesante descripción da contextualización, presentando un somero diagnóstico do entorno e datos, en canto á organización plantexaa con detalle, pero con certas dosis de confusión, pero non moito máis do que esixe o prego de prescricións técnicas, en canto a ferramenta tecnolóxica describe de forma detallada a ferramenta e as súas posibilidades. En conxunto a oferta analizada neste criterio considérase boa. En canto ao segundo criterio de valoración explica que presenta un plan de mantemento detallado aínda que con textos pouco esquematizados e no aspecto de calidade non explica os obxectivos a alcanzar, calificando a súa oferta de boa.

Intervén don Manuel Cruz Ferro, técnico de deportes do Concello de Oroso, para destacar que unha vez revisada a oferta e o informe emitido por don Pablo Guerrero García detectou que o licitador VIRAXES, S.L. oferta como mellora no subcriterio organización a apertura da piscina os domingos en temporada baixa e ademais no plan de mantemento non describe con detalle as tarefas e periodicidade a realizar nas zonas verdes, non obstante considera que está motivada adecuadamente a puntuación otorgada segundo o dito informe e con arreglo ao sinalado no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexe o contrato.

A continuación a Mesa de contratación, á vista do informe presentado por don Pablo Guerrero García o día 10.04.2024, das explicacións efectuadas por don Pablo Guerrero García nesta sesión sobre o reparto da puntuación e das consideracións efectuadas por don Manuel Cruz Ferro, técnico de deportes do Concello de Oroso, adopta por unanimidade os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o informe de valoración dos criterios subjetivos emitido por don Pablo Guerrero García o día 10.04.2024 e outorgar a seguinte puntuación :

EMPRESA	ORGANIZACIÓN XERAL DO SERVIZO(30 PUNTOS)	PLAN DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS (10 PUNTOS)	TOTAL
VIRAXES, S.L.	24	7,5	31,5

Segundo.- Proceder á apertura do sobre C electrónico “C” substituído “Criterios evaluables mediante fórmulas, ás 10:15 horas do día 11/04/2024.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 10:10 horas do día 11/04/2024, o Presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria, para os efectos de dar fe dos acordos adoptados pola Mesa de Contratación.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA  
DA MESA DE CONTRATACIÓN